

## **COMUNICADO CONXUNTO DAS ORGANIZACIÓNS: FETRAM, FEGATRANS E UCOGATRA**

# **O sector alerta ao Conselleiro do seu gravísimo estado**

May 31, 2013

**FETRAM, FEGATRANS e UCOGATRA alertan ao Conselleiro da MATI do proceso acelerado de exterminio das Pemes e autónomos transportistas galegos ante a pasividade das Administracións, non proclives á introducción de medidas dirixidas a dotar dunha maior protección a quen realiza de forma efectiva o transporte de mercadorías.**

**Así mesmo, denuncian a entrada masiva en Galicia de empresas de transporte con sede no Leste de Europa, moitas delas nadas a raíz de deslocalizacións fraudulentas, que operan a prezos sensiblemente inferiores grazas a uns menores custos sociolaborais.**



As federacións FETRAM e FEGATRANS, integrantes do Comité Galego de Transportes e representativas do colectivo de pemes e autónomos transportistas de Galicia, e mais a Unión de Cooperativas Galegas de Transporte UCOGATRA, aproveitan o encontro institucional mantido hoxe nas dependencias da Xunta de Galicia en San Caetano co Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, para alertar do proceso acelerado de exterminio da Pemes e autónomos transportistas galegos.

Os cinco longos anos de crise económica teñen como saldo no sector do transporte de mercadorías por estrada de Galicia a desaparición forzada de 2.000 empresas. Ademais, as 7.000 empresas que aínda sobreviven fanno no precipicio, vítimas dunha maior escravización e sometimento aos abusos de cargadoras e intermediarios, afogadas pola elevada morosidade, o incremento gradual nos custos e os efectos da competencia desleal, que as obriga a traballar a uns prezos ridículos sen cubrir nin sequer os custos de explotación. Esta competencia desleal vén motivada en boa medida pola entrada masiva en Galicia de empresas de transporte con sede en países do leste de Europa, moitas delas nadas a raíz de deslocalizacións fraudulentas de empresas cara eses países, para así poderen operar a uns prezos sensiblemente inferiores grazas a uns menores custos sociolaborais.

En opinión de FETRAM, FEGATRANS e UCOGATRA, este contexto de exterminio do tecido empresarial das Pemes e Autónomos do Transporte contrasta coa pasividade das Administracións Públicas e organismos competentes para atallar:

1º) A competencia desleal, que obriga de forma xeralizada aos transportistas a teren que operar en situación de dumping, cunhas tarifas polo servizo de transporte que prestan que non cubren os custos de explotación, dinámica á que asisten impasibles os organismos públicos encargados de preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva, así como de velar pola aplicación coherente da Lei de Defensa da Competencia, nomeadamente Consello Galego da Competencia e Comisión Nacional de la Competencia.

2º) O incumprimento xeralizado da Lei de Medidas de Loita contra a Morosidade, ata o punto de que os estudos actuais alertan de que os prazos máximos legais de pagamento non se cumpren en aproximadamente un 70% dos casos. Un auténtico despropósito que o Goberno non é quen ou non quere abortar.

3º) Os abusos que padecen moitos condutores profesionais, obrigados a realizar as tarefas de carga e descarga das mercadorías, co conseguinte incumprimento da Lei de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación das actividades empresariais, que xa nalgún caso concreto (os máis aberrantes) foi denunciado formalmente e por escrito ante a Inspección de Traballo por estas organizacións, para que este organismo actúe en exercicio das súas funcións.

4º) A crecente deslocalización fraudulenta de empresas que fixan o seu domicilio fiscal -quen non operacional- en países da Europa do Leste, cuxos casos procederemos de inmediato a denunciar de forma masiva tamén na Inspección de Traballo.

E no actual proceso de reforma de Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres (LOTT), FETRAM, FEGATRANS e UCOGATRA entenden que, no canto de introducir medidas legais de protección de quen realiza o transporte efectivo da mercadoría, o Goberno Central está decidido a unha maior desregulación, avocando ao sector á súa propia sorte, lexislando en beneficio dos grandes contratadores de transporte, multinacionais e grandes operadores, que pretenden un servizo de transporte o máis barato posible a través dunha maior escravización e explotación dos transportistas.

Así pois, co sector no umbral do precipicio, estas organizacións conclúen que os transportistas galegos se verán na obriga de, no curto espazo de tempo, iniciar un proceso de mobilización cívico e democrático para facer visible a súa indignación e as súas xustas reivindicacións